

Tipo de máquina	Potencia neta instalada P en kW; Potencia eléctrica Pel ⁽¹⁾ en kW; Masa do aparato m en kg; Largura de corte L en cm	Nivel de potencia acústica admisible en dB/l pW	
		Fase I a partir do 3.1.2002	Fase II a partir do 3.1.2006
Montacargas para o transporte de materiais de construción, tornos de construción, motosachos. Trituradores de formigón e martelos picadores de man.	P ≤ 15 P > 15 M ≤ 15 15 < m < 30 M ≥ 30	96 83 + 11lg P 107 94 + 11 lg m 96 + 11 lg m 98 + lg P	93 80 + 11 lg P 105 92 + 11 lg m ⁽²⁾ 94 + 11 lg m 96 + lg P
Guindastres de torre Grupos electróxicos de soldadura e de potencia	Pel ≤ 2 2 < Pel ≤ 10 Pel > 10	97 + lg Pel 98 + lg Pel 97 + lg Pel	95 + lg Pel 96 + lg Pel 95 + lg Pel
Motocompresores	P ≤ 15 P > 15 L ≤ 50	99 97 + 2 lg P 96	97 95 + 2 lg P 94 ⁽²⁾
Cortadoras de céspede, máquinas para o acabado do céspede / recortadoras de céspede.	50 < L ≤ 70 70 < L ≤ 120 L > 120	100 100 105	98 98 ⁽²⁾ 103 ⁽²⁾

O nivel de potencia admisible debe redondearse no número enteiro máis próximo (se é inferior a 0,5 utilizarase o número inferior; se é maior ou igual a 0,5 utilizarase o número superior)

⁽¹⁾ P_{el} de grupos electróxicos de soldadura: corrente nominal de soldadura multiplicada pola tensión convencional en carga correspondente ao valor máis baixo do factor de marcha que indica o fabricante.

P_{el} de grupos electróxicos de potencia: enerxía primaria de conformidade coa norma ISO 8528-1:1993, punto 13.3.2.

⁽²⁾ As cifras correspondentes á fase II son simplemente indicativas para os seguintes tipos de máquinas:

- rolos vibratorios con condutor a pe;
- pranchas vibratorias (> 3 kW);
- apisoadoras vibratorias;
- topadoras (sobre eirugas de aceiro)
- cargadoras (sobre eiruga de aceiro > 55 kW);
- carretas elevadoras en beiril accionadas por motor de combustión;
- pavimentadoras con guía de compactación;
- trituradores de formigón e martelos picadores de man con motor de combustión interna (15 < m < 20);
- cortadoras de céspede, máquinas para o acabado de céspede e recortadoras de céspede.

As cifras definitivas dependerán da modificación da Directiva 2000/14/CE, en función do informe previsto no punto 1 do artigo 20 da dita directiva. Se non se producise esa modificación, os valores da fase I seguirían aplicándose na fase II.

⁽³⁾ Para os guindastres móbiles monomotor aplicaranse as cifras correspondentes á fase I até o 3 de xaneiro de 2008. A partir desa data aplicaranse as cifras correspondentes á fase II.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

7973 *CORRECCIÓN de errores da Orde APA/661/2006, do 3 de marzo, pola que se substitúe o anexo do Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo Oficial de Razas de Gando de España. («BOE» 107, do 5-5-2006.)*

Advertido erro no texto remitido para a súa publicación da Orde APA/661/2006, do 3 de marzo, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 4 en lingua galega, do 1 de abril de 2006, procédese a corruxilo mediante a oportuna rectificación:

Na páxina 638, no anexo, punto 1.2 Especie caprina, onde di: «... Papoya...»; debe dicir: «... Payoya...».

8041

REAL DECRETO 549/2006, do 5 de maio, polo que se modifican o Real decreto 1617/2005, do 30 de decembro, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime de pagamento único, e o Real decreto 1618/2005, do 30 de decembro, sobre aplicación do réxime de pagamento único e outros réximes de axuda directa á agricultura e a ganadería. («BOE» 108, do 6-5-2006, e «BOE» 110, do 9-5-2006.)

O Real decreto 1617/2005, do 30 de decembro, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime de pagamento único e o Real decreto 1618/2005, do 30 de decembro, sobre aplicación do réxime de pagamento único, e outros réximes de axuda directa á agricultura e á ganadería, estableceron a normativa de aplicación para España dos regulamentos comunitarios que regulan este réxime e estas axudas.

O elevado número de regulamentos comunitarios sobre as axudas á renda dos agricultores, a súa extensión e complexidade e o gran número de modificacións que os

afectan, algunhas delas posteriores á publicación de ambos os reais decretos, fan necesaria unha modificación deles. Entre estes últimos, destacan o Regulamento (CE) n.º 263/2006 da Comisión, do 15 de febreiro de 2006, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 796/2004 e (CE) n.º 1973/2004 no que se refire aos froitos de casca e o Regulamento (CE) n.º 319/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, que modifica o Regulamento (CE) n.º 1782/2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores, que integrou a axuda á remolacha azucreira e a cana de azucre utilizadas para a produción de azucre no réxime de pagamento único. A integración destes cultivos no réxime de pagamento único trae causa do Regulamento (CE) 318/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006, polo que se establece a organización común de mercados no sector do azucre, que, entre outras novidades, reduce o prezo de sostemento institucional do azucre comunitario, o que, en compensación, dá lugar a un incremento da axuda á renda dos agricultores, que se plasma no Regulamento (CE) n.º 319/2006 do Consello, do 20 de febreiro de 2006.

Inciden, igualmente, no réxime de pagamento único os regulamentos (CE) n.º 2182/2005, 2183/2005 e 2184/2005 da Comisión, do 22 de decembro de 2005, polos que se modifican certos aspectos relativos á axuda ao aceite de oliva, que non puideron ser tidos en conta na elaboración dos reais decretos 1617/2005 e 1618/2005, do 30 de decembro.

Ademais, co fin de incluír o cultivo da remolacha dentro do sistema de axudas ao pagamento único, publicáronse o Regulamento (CE) n.º 658/2006 da Comisión, do 27 de abril de 2006, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 795/2004 que establece disposicións de aplicación do réxime de pagamento único previsto no Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello; o Regulamento (CE) n.º 659/2006 da Comisión, do 27 de abril de 2006, polo que se modifica o Regulamento (CE) 796/2004 polo que se establecen disposicións para a aplicación da condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control previstos no Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello, polo que se establecen disposicións aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores, e o Regulamento (CE) n.º 660/2006 da Comisión, do 27 de abril de 2006, polo que se modifica o Regulamento (CE) 1973/2004 polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello no que respecta aos réximes de axuda previstos nos títulos IV e IV bis do dito regulamento e á utilización das terras retiradas da produción con vistas á obtención de materias primas.

A adopción dos regulamentos citados fai necesario introducir certas modificacións nos reais decretos 1617/2005 e 1618/2005, do 30 de decembro.

Así mesmo, inclúense algunhas modificacións para concretar o alcance dalgúns preceptos a fin de que a súa interpretación se axuste con maior precisión ao preceptuado na normativa comunitaria. Por iso, cómpre modificar o Real decreto 1617/2005, do 30 de decembro, e o Real decreto 1618/2005, do 30 de decembro.

Aínda cando as modificacións afectan aspectos puntuais dalgúns preceptos, por seguranza xurídica procedeuse a redactar de novo parágrafos, puntos ou artigos completos.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de maio de 2006,

DISPONGO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 1617/2005, do 30 de decembro, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime de pagamento único.*

O Real decreto 1617/2005, do 30 de decembro, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime de pagamento único, queda modificado como segue:

Un. No artigo 3.2, segundo parágrafo, engádese unha nova alínea e) co seguinte contido:

«e) Remolacha azucreira e cana de azucre un 10 por cento. Así mesmo inclúese no pagamento adicional o 90 por cento da totalidade do importe anual do cadro 2 do punto k do anexo VII do Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.»

Dous. O artigo 4.1.b) queda redactado do modo seguinte:

«b) Agricultores que non estando identificados segundo a Orde APA/1171/2005, do 15 de abril, reciban unha explotación ou parte dela dun agricultor dos sinalados na alínea a) así como aqueles agricultores que se identifiquen mediante a presentación da solicitude de pagamento único ou de admisión ao réxime dentro do prazo establecido.»

Tres. No artigo 4.1 engádese a nova alínea d) co seguinte contido:

«d) Agricultores que fosen beneficiarios da axuda ao mercado no marco da OCM do azucre, nas campañas 2004/2005 e 2005/2006 para o caso da remolacha azucreira, e nas campañas 2003/2004 e 2004/2005 para o caso da cana de azucre.»

Catro. O artigo 9.1.a) 3.º queda redactado do modo seguinte:

«3.º Agricultores que efectuasen investimentos incrementando a capacidade produtiva ou adquirisen terras ata o 15 de maio de 2004 de acordo co disposto no artigo 21 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004. Os agricultores que compraron terras ou cotas ou dereitos de prima recibirán con cargo á reserva nacional polo menos o 90 % dos importes de referencia e os dereitos que se deriven.

Para os investimentos no caso da remolacha azucreira e da cana de azucre, a data a que se refire o parágrafo anterior substitúese pola do 3 de marzo de 2006.

Enténdese por investimentos que incrementen a capacidade produtiva aqueles que poderán dar lugar a un incremento das axudas unitarias percibidas con posterioridade á súa realización.»

Cinco. O artigo 9.1.c) redáctase co seguinte texto:

«c) Os agricultores mozos que realizasen a súa primeira instalación a partir do 16 de maio de 2004.»

Seis. No anexo I, despois do algodón engadirase o seguinte texto:

«Remolacha e cana de azucre 90% do importe anual do cadro 1 do punto K do anexo VII do Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.»

Sete. No anexo IV, despois do parágrafo correspondente ao tabaco engadirase o seguinte:

«Remolacha azucreira e cana de azucre: para o cálculo das toneladas de remolacha e de cana de azucre que corresponden a cada produtor en cada unha das campañas de comercialización, considerárase a remolacha azucreira e a cana de azucre de cota entregada, cun rendemento en azucre do 13 por cento para a remolacha e do 8,6 por cento para a cana, tendo en conta o reportamento ou traslado da campaña anterior, a remolacha A + B do ano e a posible recualificación. O importe de referencia correspondente ao sector do azucre obterase de multiplicar a media das toneladas de remolacha e cana de azucre tipo, entregadas no período de referencia polo importe anual por tonelada. Este importe anual calcularase dividindo o 90 por cento dos límites máximos establecidos por ano para España no cadro 1 do punto K do anexo VII do Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, entre as toneladas de remolacha e cana con dereito a axuda unha vez consideradas as circunstancias establecidas nos artigos 37 e 40 do citado regulamento.

A superficie en hectáreas que se debe ter en conta no cálculo dos dereitos de pagamento único para cada agricultor será a resultante de dividir as toneladas de remolacha e de cana de azucre tipo entregadas, polo rendemento medio da produción de remolacha e cana de azucre que se indican na seguinte táboa:

Tipo de cultivo		Rendemento
Remolacha	Regadío	86 t/ha
	Secaño	60 t/ha
Cana de azucre		105 t/ha

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1618/2005, do 30 de decembro, sobre aplicación do réxime de pagamento único e outros réximes de axuda directa á agricultura e a gandaría.*

O Real decreto 1618/2005, do 30 de decembro, sobre aplicación do réxime de pagamento único e outros réximes de axuda directa á agricultura e a gandaría, queda modificado como segue:

Un. O artigo 1.1.d) queda redactado como segue:

«d) Pagamentos adicionais aos produtores por aplicación do artigo 69 do Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, ao programa nacional de desenvolvemento da Política Agrícola Común (en diante, PAC) nos sectores do algodón, tabaco, remolacha e cana de azucre, e gando vacún de carne e de leite.»

Dous. Ao final do artigo 6 engádesse o número 4 seguinte:

«4. Con vistas a garantir un tratamento homoxéneo aos produtores de todo o ámbito nacional, os números 1 e 2 aplicaranse tamén á prima complementaria por vaca nutriz, cando de conformidade co punto 2.b) do artigo 60, se financie con cargo aos orzamentos xerais do Estado.»

Tres. O número 1 do artigo 20 substitúese polo seguinte texto:

«1. Os agricultores poden utilizar as superficies retiradas que serven para a xustificación dos dereitos de retirada para obter materias primas para a

fabricación na Unión Europea de produtos non destinados á alimentación humana ou animal, sen perder o dereito ao pagamento por superficie. Só se permite o cultivo de remolacha azucreira, pataca ou topinambo e chicoria, se se cumpren as condicións establecidas no artigo 143.2 do Regulamento (CE) 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro de 2004.»

Catro. Ao final do artigo 28 engádesse unha nova alínea d) co seguinte texto:

«d) A utilizar, polo menos, as doses de sementeira establecidas no anexo III.»

Cinco. O artigo 33 substitúese polo seguinte texto:

«Artigo 33. *Obxecto e requisitos.*

Enténdese por cultivos enerxéticos aqueles que se utilicen fundamentalmente na produción dos produtos enerxéticos establecidos no artigo 88 do Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

Para os efectos da regulación dos cultivos con fins enerxéticos, teranse en conta as seguintes definicións:

«Solicitante»: o produtor que utiliza a totalidade ou parte da superficie, excluída a retirada de cultivo para activar os dereitos de retirada, para producir materias primas con fins enerxéticos.

«Primeiro transformador»: o utilizador das materias primas que procede á primeira transformación delas, co fin de obter un ou varios dos produtos a que se refire o artigo 88 do Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

O primeiro transformador pode delegar nunha terceira persoa a recepción da materia prima entregada polo solicitante, ben que seguirá sendo o único responsable respecto ás obrigas establecidas na normativa comunitaria.

Os solicitantes que desexen obter a axuda aos cultivos enerxéticos, deberán formalizar cun receptor ou un primeiro transformador un único contrato por materia prima cultivada, nos termos establecidos no artigo 26 do Regulamento (CE) 1973/2004, da Comisión, do 29 de outubro de 2004, e presentar un exemplar del ante a comunidade autónoma xunto coa solicitude de axuda superficies.

As obrigas dos solicitantes e dos receptores e primeiros transformadores das materias primas recóllense no anexo VII.

As persoas físicas ou xurídicas que desexen actuar por primeira vez como receptor ou primeiro transformador deberán manifestalo por escrito, con anterioridade á data límite da presentación dos contratos ante a comunidade autónoma onde se encontren establecidos, manifestando expresamente que coñecen as condicións e limitacións contidas no Regulamento (CE) 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro de 2004, e demais normativa complementaria, comprometéndose a levar unha contabilidade específica e en concreto que cumpren cos controis e as obrigas de rexistro do artigo 39 do citado regulamento.»

Seis. O artigo 39 substitúese polo seguinte:

«Artigo 39. *Requisitos.*

Para teren dereito ás axudas, as superficies deben cumprir os requisitos seguintes:

a) Teren unha densidade mínima por hectárea de 80 árbores para amendoeira, 150 para abeleira e pistacho, 60 para nogueira e 30 para alfarrobeira.

b) Estaren incluídas entre os recursos produtivos dunha organización ou agrupación de produto-

res recoñecida para algunha das categorías que inclúan os froitos de casca, de acordo cos artigos 11 ou 14 do Regulamento (CE) 2200/96 do Consello, do 28 de outubro, polo que se establece a organización común de mercados no sector das froitas e hortalizas, para os produtos citados no artigo 1 do artigo 38.1.

c) Teren unha superficie mínima por parcela de 0,1 ha.»

Sete. No artigo 53, os números 2, 3, 4 e 5 toman a numeración 3, 4, 5 e 6, respectivamente, e insírese un novo número 2, co seguinte texto:

«2. En cada colleita, un produtor individual só poderá contratar e entregar tabaco dunha variedade determinada, cunha única empresa de primeira transformación.»

Oito. O artigo 56 substitúese polo seguinte texto:

«Artigo 56. *Identificación e rexistro do gando.*

Cada animal polo que se solicite unha axuda deberá estar identificado, rexistrado e dotado do documento de identificación conforme as disposicións do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina. A explotación á que pertencen os animais obxecto de axuda deberá cumprir as disposicións establecidas no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.»

Nove. No título III engádese un novo capítulo II bis co seguinte contido:

«CAPÍTULO II BIS

Pagamentos no sector da remolacha e a cana de azucre

Artigo 76 bis. *Obxecto, requisitos, contía e límites da axuda.*

1. Os agricultores produtores de remolacha azucreira e cana de azucre poderán recibir un pagamento adicional para a realización de actividades que melloren a calidade da produción que se entregue na industria azucreira para a súa transformación en azucre de cota mediante contrato de fornecemento. Para isto efectuarán a súa solicitude no modelo de solicitude única establecido polas comunidades autónomas.

2. A remolacha terá, como mínimo, 13,5 graos polarimétricos e unha porcentaxe de terra, coroa e outros elementos externos incorporados á raíz menor do 25 por cento e a cana de azucre terá como mínimo 10,6 graos polarimétricos.

3. A axuda aboarase por tonelada de remolacha e de cana de azucre.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá antes do 30 de outubro do ano seguinte ao da solicitude unha axuda por tonelada de remolacha e cana de azucre tipo, que será igual para toda a produción que cumpra os requisitos mínimos establecidos.

Antes do 15 de setembro seguinte ao ano da solicitude, as industrias azucreiras que transformen remolacha ou cana de azucre mediante contrato para producir azucre de cota enviarán ao Fondo Español de Garantía Agraria, unha relación de todos os produtores e as súas entregas en quilos.

5. Os pagamentos desta axuda neste sector para as distintas campañas non poden exceder os importes seguintes:

Campañas	Euros
2006/2007	16.150.200
2007/2008	17.567.700
2008/2009	18.985.100
2009/2010	19.743.300
2010/2011 e seguintes.	9.620.300»

Dez. Engádese unha disposición transitoria cuarta co seguinte texto:

«Disposición transitoria cuarta. *Solicitudes presentadas na campaña 2006.*

As solicitudes presentadas no ano 2006 poderán ser modificadas ata o día 15 de xuño de 2006, incluído.

As solicitudes de primas por sacrificio para aqueles animais sacrificados ou exportados vivos durante a primeira quincena de xaneiro de 2006, poderanse presentar ata o día 15 de maio de 2006, incluído.»

Once. O primeiro parágrafo da epígrafe I do anexo VI queda redactado do seguinte modo:

«Os solicitantes que utilicen a totalidade ou parte da superficie retirada do cultivo para producir materias primas para fins distintos do consumo humano ou animal, ademais do disposto no artigo 20, deberán:»

Doce. O anexo VII substitúese polo seguinte:

«ANEXO VII

Obrigas dos solicitantes e receptores ou primeiros transformadores do réxime de axuda aos cultivos enerxéticos

I. Obrigas dos «solicitantes» da axuda aos cultivos enerxéticos

Os solicitantes da axuda aos cultivos enerxéticos ademais do disposto no artigo 33 deste real decreto, deberán:

a) En caso de que o contrato sexa modificado ou anulado, antes da data límite establecida para a modificación das solicitudes, deberá comunicarllo á comunidade autónoma ante a que se presente a solicitude de axuda por superficie, e presentar a correspondente modificación da solicitude.

b) Cando por razóns excepcionais o solicitante non poida subministrar a cantidade de materia prima indicada no contrato, deberá comunicarllo á comunidade autónoma en que presentou a súa solicitude para que autorice a súa modificación ou rescisión.

c) Acreditar, antes do 30 de novembro, ante a comunidade autónoma onde se presentou a solicitude de axuda «superficies», a entrega da colleita obtida, indicando a cantidade total de materia prima colleitada e entregada de cada especie, con identificación do receptor ou primeiro transformador ao que fixo entrega daquela. Esta cantidade debe corresponder, polo menos, ao rendemento representativo fixado para o efecto pola comunidade autónoma.

No caso dun cultivo bianual, plurianual ou permanente, aplicaranse as disposicións do artigo 32 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión, do 29 de outubro.

En caso de que se cultive cânabo aplicaranse as normas establecidas nos artigos 29 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de

2004 e 33 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004.

II. *Obrigas dos receptores e dos primeiros transformadores de materias primas con fins enerxéticos*

1. Os receptores ou primeiros transformadores deberán presentar, ante a comunidade autónoma en que se encontren establecidos:

a) Os contratos subscritos cos agricultores nas condicións especificadas na normativa comunitaria antes da data de finalización do prazo de presentación das solicitudes de axuda.

b) Non máis tarde da data de presentación da solicitude única, unha garantía igual ao produto de 60 euros/hectárea polas superficies obxecto de contrato, a fin de garantir a utilización na Unión Europea dunha cantidade equivalente na fabricación de un ou varios produtos finais incluídos no artigo 88 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003.

No caso dun cultivo bianual, plurianual ou permanente, a garantía constituirase no primeiro ano de cultivo.

A garantía depositada polo receptor poderá ser liberada unha vez entregada a materia prima ao primeiro transformador, sempre que este depositase ante a comunidade autónoma onde se presentou a garantía inicial unha garantía equivalente. Cando a autoridade competente teña a proba de que a cantidade de materia prima en cuestión foi transformada respectando a normativa comunitaria vixente, a garantía poderá ser liberada a pro rata por cada materia prima transformada.

Nos casos en que o contrato se modifique ou rescinda despois de que o solicitante presentase a solicitude de axuda superficies, a garantía constituída adaptárase convenientemente nas condicións previstas no artigo 35 do Regulamento (CE) n.º 1973/2004 da Comisión do 29 de outubro de 2004.

2. Se o contrato o realiza un receptor deberá, nun prazo de corenta días hábiles seguintes á entrega da materia prima ao primeiro transformador, comunicarlle á comunidade autónoma onde se presentou a garantía, o nome e enderezo do primeiro transformador, así como a cantidade e tipo de materia prima entregada. Así mesmo, o primeiro transformador deberá, no prazo de corenta días hábiles seguintes á entrega, comunicar á comunidade autónoma onde se presentou a garantía o nome e o enderezo do receptor, así como a cantidade e o tipo de materia prima e a súa data de entrega.

3. Os produtos enerxéticos establecidos no artigo 88 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello do 29 de setembro de 2003 deben ser obtidos como máximo por un terceiro transformador.

4. Toda parte interveniente ata a transformación da materia prima nun dos produtos enerxéticos mencionados no punto anterior, comunicarlle ao órgano competente da comunidade autónoma onde se presentou a garantía, nun prazo de corenta días hábiles, o nome e o enderezo do comprador da materia prima, así como a cantidade vendida dela.

5. No caso de que no proceso de transformación interviñese un receptor ou transformador establecido noutro Estado membro da Unión Europea, o receptor ou transformador asinante do contrato comunicarllo á Comunidade Autónoma onde se presentou a garantía. O intercambio de produtos entre

as partes intervenientes debe ir acompañado do documento T5.

6. O transformador notificará a transformación da materia prima recibida á comunidade autónoma onde se presentou a garantía, mediante a presentación dunha «declaración de transformación».

7. A transformación en produto final deberase realizar con anterioridade ao 31 de xullo do segundo ano seguinte ao ano de colleita da materia prima por parte do solicitante.»

Trece. No anexo XI, epígrafe I, engádese un novo punto 10 co seguinte texto:

«10. Declaración de todas as parcelas agrícolas da explotación, mesmo aquelas para as cales non se solicite ningún réxime de axuda, indicándose en todo caso e para cada parcela, o recollido nos puntos 1 a 3 da epígrafe III deste anexo.»

Catorce. O punto 3 da epígrafe III do anexo XI queda redactado do seguinte modo:

«3. A utilización das parcelas nos seguintes casos: pastos permanentes, outras superficies forraxeiras, barbeito e tipo deste, lúpulo, froitas e hortalizas, patacas para consumo humano, cultivos ou utilizacións, diferenciando, no caso de parcelas declaradas de retirada, a retirada voluntaria da retirada para xustificar os dereitos de retirada, dos réximes de axuda establecidos nos títulos I e III deste real decreto e no anexo V do Regulamento (CE) 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro de 2003, incluído o 'non cultivo' no caso de parcelas declaradas exclusivamente para xustificar dereitos normais de pagamento único.

As utilizacións non recollidas no parágrafo anterior poderanse declarar baixo a epígrafe 'Outras utilizacións', en varias rúbricas diferentes ou nunha soa.

As comunidades autónomas poderán eximir da declaración explícita das parcelas correspondentes as utilizacións indicadas no anexo V do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, cando dispoñan da dita información no marco doutros sistemas de xestión e control compatibles co sistema integrado.»

Quince. No anexo XI, epígrafe III, substitúese o punto 6 polo seguinte texto:

«6. O barbeito ambiental e a repoboación forestal de acordo co Regulamento (CE) número 1257/1999 do Consello, do 17 de maio, declaráranse por separado con indicación:

a) Da superficie que se computará para o cumprimento dos índices comarcais de barbeito para as terras de cultivos herbáceos de secaño, no caso do barbeito ambiental.

b) Da superficie que se computará para xustificar dereitos de retirada para a campaña correspondente.

c) Da superficie distinta ás indicadas nos puntos anteriores.

Dezaseis. No anexo XI, epígrafe III, substitúese o punto 13 polo seguinte texto:

«13. No caso da axuda ao oliveiral:

a) A categoría á que pertence, das enumeradas no artigo 46 deste real decreto.

b) O número de oliveiras admisibles, distinguindo entre as plantadas antes do 1 de maio de 1998 e as plantadas con posterioridade sempre que sexan de substitución das anteriores, existentes no SIXPAC.

c) O número de oliveiras non admisibles adicionais plantadas despois do 1 de maio de 1998, existentes no SIXPAC.

d) O número de oliveiras admisibles arrincadas e substituídas, de substitución, desde a solicitude única anteriormente realizada que incluíse a parcela en cuestión. En caso de non estar reflectidas no SIXPAC, deberase indicar a súa posición na parcela, tanto das arrincadas como das substituídas.

Se as oliveiras de substitución proveñen de oliveiras arrincadas noutra parcela, deberase indicar expresamente a parcela de procedencia e a posición das devanditas arrincas se non están reflectidas no SIXPAC.

e) O número de oliveiras admisibles arrincadas e non substituídas desde a solicitude única anteriormente realizada que incluíse a parcela en cuestión. En caso de non estar rexistradas estas arrincas no SIXPAC, deberase indicar a súa posición na parcela.

f) O número de oliveiras adicionais plantadas despois da solicitude única anteriormente realizada que incluíse a parcela en cuestión. En caso de non estar reflectidas no SIXPAC, deberase indicar a súa posición na parcela.

g) O número de oliveiras adicionais arrincadas despois da solicitude única anteriormente realizada que incluíse a parcela en cuestión. En caso de non estar rexistradas estas arrincas no SIXPAC, deberase indicar a súa posición na parcela.

h) A superficie oleícola expresada en hectáreas con dous decimais, resultante do cálculo establecido no punto 3 do anexo XXIV do Regulamento (CE) 1973/2004, da Comisión, do 29 de outubro de 2004. Así mesmo, a superficie oleícola e, se é o caso, a superficie oleícola admisible expresada en hectáreas con dous decimais, resultante do cálculo establecido no punto 2 do anexo XXIV antes citado, de acordo coa información dispoñible en SIXPAC no período de presentación de solicitudes de cada ano.

Non obstante, para a solicitude única que se presentará no ano 2006 as alíneas b, c, d, e, f e g substituiranse polas seguintes:

«i) O número de oliveiras admisibles, distinguindo entre as plantadas antes do 1 de maio de 1998 e as plantadas con posterioridade, sempre que sexan de substitución das anteriores, existentes no SIXPAC o 1 de xaneiro de 2005.

j) O número de oliveiras non admisibles, adicionais, plantadas despois do 1 de maio de 1998, existentes no SIXPAC o 1 de xaneiro de 2005.»

k) O número de oliveiras admisibles que despois do 1 de xaneiro de 2005 foron arrincadas e substituídas por outras en substitución daquelas. En caso de non estar reflectidas no SIXPAC, deberase indicar a súa posición na parcela, tanto das arrincadas como das substituídas.

Se as oliveiras de substitución proveñen de oliveiras arrincadas noutra parcela, deberase indicar expresamente a parcela de procedencia e a posición destas arrincas se non están reflectidas no SIXPAC.

l) O número de oliveiras admisibles que despois do 1 de xaneiro de 2005 foron arrincadas e non substituídas. En caso de non estaren rexistradas estas arrincas no SIXPAC, deberase indicar a súa posición na parcela.

m) O número de oliveiras adicionais plantadas despois do 1 de xaneiro de 2005. En caso de non estaren reflectidas no SIXGPAC, deberase indicar a súa posición na parcela.

n) O número de oliveiras adicionais arrincadas despois do 1 de xaneiro de 2005. En caso de non estaren reflectidas no SIXPAC, deberase indicar a súa posición na parcela.»

Dezasete. No anexo XI, epígrafe V, o punto 3 redáctase da forma seguinte:

«3. No caso dos froitos de casca, xuntarase á solicitude:

a) Un certificado da organización de produtores acreditativo de que as superficies de froitos de casca polas cales o agricultor solicita a axuda están incluídas entre os recursos produtivos da súa organización.

b) O compromiso do agricultor de realizar a entrega da súa colleita á organización de produtores citada.

c) No caso de que desexe acollerse ao complemento de axuda do número 6 do artigo 38, deberá xuntar unha declaración do solicitante da súa condición de agricultor profesional.»

Dezaoito. No anexo XI, epígrafe V, engádese un novo punto 11 co seguinte texto:

«11. Contrato cun transformador ou compromiso, cando se solicite o pagamento por superficie de cultivos herbáceos por parte de agricultores produtores de liño e/ou cânabo destinados á produción de fibra.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado.»

Dado en Madrid o 5 de maio de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

(Este real decreto publícase tendo en conta a corrección de erros publicada no BOE núm. 110, do 9-05-2006.)

8042 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1557/2005, do 23 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura.* («BOE» 108, do 6-5-2006.)

Advertido erro no Real decreto 1557/2005, do 23 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 2 en lingua galega, do 1 de febreiro de 2006, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

No anexo, páxina 277, primeira columna, quinta liña, onde di: «Can Guicho»; debe dicir: «Can Guicho ou Quisquelo».